

PREVENCIÓN NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN FRONTE AO CORONAVIRUS

Evitar o

CONTACTO PRÓXIMO

(2 m)

- Efectuar un **control** adecuado **de acceso** á obra
- **Fixar horarios** aos provedores e establecer **zonas de recepción**
- **Non ir traballar con febre** (> 37^o) ou **síntomas respiratorios** ou se houbo **contacto próximo con persoa infectada**
- Evitar coincidir en **espazos reducidos**. Manter a **separación de seguridade** no traballo. Só unha persoa por fila de asentos nos vehículos
- **Evitar actividades** grupais **presenciais** (reunións, formación...)
- **Comunicar mediante carteis** as recomendacións das autoridades sanitarias

Establecer

MEDIDAS HIXIÉNICAS

- **Reforzar** a dispoñibilidade de **material** de **limpeza e hixiene**
- Facilitar o **lavado frecuente** das mans
- **Cubrir as vías respiratorias** cun pano desbotable ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar
- Limpar frecuentemente **espazos de uso común, equipos e utensilios** de traballo (vehículos, equipos, ferramentas, teléfonos e maquinaria)
- Usar **luvas desbotables** para recoller e asinar albaráns
- **Non se recomenda o uso de máscaras** salvo situacións específicas indicadas polo servizo de prevención
- **Evitar compartir** comida, bebida, obxectos, ferramentas...
- Depositar en **papeleiras con tapa** e pedal os panos de papel usados. Recoller os refugallos con maior frecuencia

Establecer

MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- Difundir a **todas as empresas concorrentes** e traballadores **autónomos** as medidas preventivas adoptadas para evitar contaxios
- **Limitar as tarefas** nas que pode haber maior **probabilidade de contacto** entre o persoal concorrente na obra
- Valorar a necesidade de establecer **quendas** para evitar contaxios entre o persoal
- Adaptar o posto ou **limitar as tarefas** con maior probabilidade de contacto para o **persoal máis vulnerable** á infección

Para información en **Prevención de Riscos Laborais:**

– A CORUÑA	981 182 329 issga.coruna@xunta.gal
– LUGO	982 294 300 issga.lugo@xunta.gal
– OURENSE	988 386 395 issga.ourense@xunta.gal
– PONTEVEDRA	886 218 101 issga.pontevedra@xunta.gal
– SANTIAGO	881 999 332 issga@xunta.gal

061

SÓ CASOS GRAVES
OU URXENCIAS



900 400 116

INFORMACIÓN CIDADÁNS

MÁIS INFORMACIÓN:
coronavirus.sergas.gal

